

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA-URXENTE CELEBRADA POLA  
XUNTA DE GOBERNO LOCAL DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE  
SANTISO O DÍA 17 DE XANEIRO DE 2020**

**ASISTEN**

**PRESIDENTE**

D. Manuel Adán López

---

**CONCELLEIROS**

D. David Fernández Carril

D. Alejandro Péon Pereiro

**SECRETARIO-INTERVENTOR**

D. Antonio Mosquera Rodríguez

**NON ASISTEN**

D. José Antonio Río Naviza

Sendo as nove horas e trinta minutos do día dezasete de xaneiro de dous mil vinte, reúnese no Salón da Alcaldía da Casa do Concello, a Xunta de Goberno Local da Corporación, en sesión extraordinaria de primeira convocatoria, coa asistencia dos señores concelleiros relacionados máis arriba, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Adán López, actuando como Secretario-Interventor D. Antonio Mosquera Rodríguez, que da fé do acto.

Constituída validamente a sesión, de conformidade co disposto no art. 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local e art. 90 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Sr. Alcalde-Presidente abre a sesión coa seguinte orde do día :

## **1º.- EXPEDIENTE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NAS MODALIDADES BÁSICA E DEPENDENCIA.**

Acto seguido dase conta á Xunta de Gobeno Local do expediente tramitado para a adxudicación do servizo de axuda no fogar, tanto na modalidade de básica como en dependencia.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dáselle a palabra ó Secretario-Interventor municipal o cal procedede a informar á Xunta de Goberno Local do erro xurdido á hora de otorgar a puntuación ás empresas participantes no proceso antes referenciado.

Polo Secretario Interventor ponse de manifesto que:

1º.- Os pregos de cláusulas administrativas establecen na cláusula décima os criterios de adxudicación, otorgándolle 65 puntos á mellor oferta económica.

A partires desta premisa asígnouse a puntuación ás restantes empresas, a asignación fíxose calculando mediante unha simple regra de tres de acordo coa proposta de ditas empresas, cando en realidade debiera de aplicarse unha regra de tres inversa, xa que do contrario unha empresa que ofertara un prezo máis elevado levaría máis puntuación ca outra empresa que fixo menor oferta económica, o que estaría en contradición cos pregos de cláusulas administrativas.

2º.- A Xunta de Goberno Local, en base ós datos proporcionados, adoptou o acordo de adxudicar o contrato do servizo de axuda no fogar á empresa SOCISER GALICIA, S.L.U., así como a asignación de puntuación as distintas empresas que participaron no proceso licitatorio.

3º.- Unha vez publicado o acordo da Xunta de Goberno Local, por parte do representante dunha empresa que participou no proceso licitatorio, manifestóuselle a esta Secretaría-Intervención a súa disconformidade co resultado que figuraba no acordo, ó entender que non era lóxico asignarlle maior puntuación a unha empresa que fixera unha proposta económica máis elevada.

Por parte da Secretaría Municipal procedeuse a comprobar as correspondentes puntuacións, decatándose do erro cometido á hora de asignar as puntuacións, erro que viña motivado pola aplicación incorreta da regra de tres, o que se lle fixo saber á mentada empresa en conversación telefónica.

Posteriormente por parte deste concello procedeuse á publicación dunha nota informativa na que se informaba do erro cometido e que se procedería á súa subsanación.

Á vista das manifestacións da Secretaría-Intervención municipal a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Á vista do contido do artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que establece que as Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos, ACORDA proceder a corrixir unicamente os erros aritméticos detectados nas puntuacións asignadas as distintas empresas que participaron no mentado procedemento coa excepción da otorgada a empresa SOCISER GALICIA, S.L.U., xa que o ser a empresa que fixo mellor oferta económica asignaselle a cantidade de 65 puntos.

2º.- Vistas as propostas económica formuladas polas distintas empresas, propostas que se trascriben a continuación, asignarlle ás mesmas a seguinte puntuación:

<u>EMPRESA</u>	<u>DEPENDENCIA-BÁSICA</u>		<u>SUMA PUNTOS</u>	<u>PUNTUACIÓN</u>
(1)AMIGOS MADUROS SOCIOSANITARIOS, S.	16,50€/hora	16,50€/hora	33,00	39,06
(2)AZVASE, S.L.	17,69€/hora	17,67€/hora	35,36	36,45
(3)EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.	16,92€/hora	16,92€/hora	33,84	38,09
(4)IDADES, S.L.	17,58€/hora	14,41€/hora	31,99	40,29
(5)O ESPERTAR, SERVICIOS SOCIAIS, S.L.	16,90€/hora	16,90€/hora	33,80	38,13
(6)SACYR SOCIAL, S.L.	17,36€/hora	17,35€/hora	34,71	37,13
(7)SAMAIN SERVICIOS A COMUNIDADE, S.A.	17,98€/hora	17,93€/hora	35,91	35,89
(8)SERVICIOS SOCIAIS ULLA SAR, S.L.	17,16€/hora	17,10€/hora	34,26	37,62
(9)SOCISER GALICIA, S.L.U.	17,63€/hora	2,20€/hora	19,83	65,00

PUNTUACIÓN OBTIDA POLO PROXECTO TÉCNICO (Máximo 35 puntos):

<u>EMPRESA</u>	<u>ORGANIGRAMA</u>	<u>PLAN FORMACIÓN</u>	<u>ORG. E MEDIOS</u>	<u>PROTOCOLO</u>	<u>PUNTOS</u>
(1)	4	6,50	6	6	22,50
(2)	5,50	5	4	6	20,50
(3)	6,50	4	5,50	8	24,00
(4)	6	8	5	8	27,00

(5)	7	7	4,50	8	26,50
(6)	7,50	5,50	6,50	8	27,50
(7)	4,50	4	7,50	8	24,00
(8)	6	7,50	8	8	29,50
(9)	8	6	7	8	29,00

RESULTADO FINAL: PREZO + PROXECTO:

<u>EMPRESA</u>	<u>PREZO</u>	<u>PROXECTO</u>	<u>SUMA TOTAL</u>
(1)	39,06	22,50	61,56
(2)	36,45	20,50	56,95
(3)	38,09	24,00	62,09
(4)	40,29	27,00	67,29
(5)	38,13	26,50	64,63
(6)	37,13	27,50	64,63
(7)	35,89	24,00	59,89
(8)	37,62	29,50	67,12
(9)	65,00	29,00	94,00

3º.- Dar traslado do presente acordo a plataforma de contratos do estado os efectos de coñecemento das empresas que participaron no procedemento licitatorio, co fin de que poidan pedir as aclaracións que estimen oportunas ou interponer os recursos pertinentes ante esta Xunta de Goberno Local, ou a xurisdición contencioso-administrativa competente .

4º.- Facultar o Alcalde-Presidente para o desenrolo do presente acordo e a firma do oportuno contrato coa empresa que resultou adxudicataria do servizo.

## **2º.- ACORDO RELATIVO AO PLAN COMPLEMENTARIO DO PLAN ÚNICO DOS CONCELLOS POS+ 2020.**

Acto seguido dase conta á Xunta de Gobeno Local do erro advertido por parte do Servizo de Plans da Deputación da Coruña no proxecto técnico denominado CAMIÑO Ó CASAL (SERANTES) E OUTROS incluído no Plan Complementario do Plan Único dos Concellos POS+ 2020, que é o seguinte:

Na memoria aparecían os nomes dos camiños 2.- Camiño a San Benito (Pezobrés) e 3.- Camiño en Pezobre e non aparecía o 1.- Camiño ó Casal (Serantes).

Por parte da empresa Estudio Técnico Gallego, S.A. procédese a realizar a corrección no referido proxecto.

A Xunta de Goberno Local, ACORDA:

**1º.-** Aprobar o proxecto técnico denominado CAMIÑO Ó CASAL (SERANTES) E OUTROS incluído no Plan Complementario do Plan Único dos Concellos POS+ 2020 coa corrección introducida na memoria, sen que se modifique o seu orzamento.

**2º.-** Dar conta ó Pleno Municipal na vindeira sesión que celebre para a súa ratificación.

**3º.-** Dar traslado á Deputación da Coruña a través da Plataforma de tramitación electrónica de subvencións SUBTEL.

E sen máis asuntos que tratar, sendo as dez horas, levantouse a sesión polo Sr. alcalde, estendéndose a presente acta de todo o que, como secretario, dou fe.

**O ALCALDE**

**O SECRETARIO**